



CONCELLO DE
VALDOVIÑO

Valdoviño

DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA Nº 284/2012

Recibida resolución favorable da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se lle concede ao Concello de Valdoviño unha axuda para a contratación dun/ha **TÉCNICO/A EN ORIENTACIÓN LABORAL**, vistas as competencias atribuídas á alcaldía polo artigo 21 apartado g), da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa nova redacción modificada pola Lei 11/99, e 57/2003, polo presente **ACORDO**

Primeiro.- Aprobar as bases que rexirán a contratación, con carácter laboral temporal, do referido persoal e que son as seguintes:

CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUN/HA TÉCNICO EN ORIENTACIÓN LABORAL.

B A S E S

PRIMEIRA .- Obxecto da Convocatoria.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, polo procedemento de concurso, duna praza de "TÉCNICO/A EN ORIENTACIÓN LABORAL". As retribucións serán as estipuladas na notificación-resolución da Consellería de Traballo e Benestar, sendo o grupo de cotización o 2 e financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 920.13104.

SEGUNDA .- Requisitos dos aspirantes.

Para ser admitido ás probas será necesario:

- a) Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Comunidade Europea nos termos previstos nos art. 57 e 58 da Lei 7/2007 pola que se deroga a Lei 17/1993, do 23 de decembro, sobre o acceso a determinados sectores da Función pública dos nacionais dos demais membros da Comunidade Europea. Poderán participar nos procesos selectivos nacionais doutros Estados da Unión Europea e/ou estranxeiros residentes en España, sen necesidade de que se inclúa expresamente nas Bases específicas de cada convocatoria, de acordo coa Lei orgánica 4/2000 de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa (modificación introducida polo artigo 56.1 c) da Lei 7/2007.
- c) Estar en posesión de titulación media ou superior,



CONCELLO DE
VALDOVIÑO

Valdoviño

preferentemente en Psicoloxía, Pedagogía, Piscopedagogía, Socioloxía, Educación Social, Traballo Social e Relacións Laborais /Graduado Social

d) Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

f) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

Todos os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ó último día de prazo de presentación de solicitudes e conservarse, cando menos, ata a data de toma de posesión.

TERCEIRA: Sistema de selección

Concurso

CUARTA .- Solicitudes.

As solicitudes, presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello no prazo de **5 días naturais** a partir do seguinte ó da publicación do anuncio desta convocatoria nun diario dos de maior tirada na comarca.

Así mesmo as Bases desta convocatoria deberán publicarse no taboleiro de anuncios deste concello e na páxina web municipal www.concellodevaldovino.com

As persoas que desexen tomar parte no proceso de selección deberán facelo constar en solicitude dirixida ó señor Alcalde Presidente do Concello de Valdoviño, na que farán constar que reúnen tódolos requisitos sinalados na base segunda anterior.

As instancias poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, en cuxo caso deberán adiantar a solicitude por fax (981 487 294).

Xunto coa instancia achegarán:

- Fotocopia do D.N.I.
- Curriculum Vitae e xustificación documental, orixinais ou fotocopias compulsadas, do mesmo para a súa valoración.



CONCELLO DE
VALDOVIÑO

Rematado o prazo de presentación de instancias ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos/excluídos que será publicada no taboleiro de edictos deste Concello e a páxina web, concedéndose o prazo de dous días para reclamacións. As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobará a lista definitiva. Esta resolución igualmente publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web.

SEXTA .- Desenvolvemento do concurso.

O proceso selectivo consistirá na valoración de méritos

Para iso, os aspirantes, como queda dito achegarán conxuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo un Curriculum Vitae, acompañado dos documentos xustificativos, orixinais ou fotocopia compulsada, xa que non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Fase do concurso: valoración de méritos aportados.

Baremo de méritos

1.- Titulacións preferentes: (ata un máximo de 2,5 ptos)

Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Socioloxía	2,5 ptos
Educación Social, Traballo Social, Relacións Laborais/Graduado Social	2,0 ptos
Outra titulación superior	1,5 ptos

2.- Formación complementaria: (ata un máximo 2 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento sobre as materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto ao que aspira, e impartidos por Administracións Públicas e organismos dependentes das mesmas, así como organizacións sindicais e empresariais, valoraranse da seguinte forma: Por cada hora de formación recibida 0´1 puntos por cada 30 horas formativas, ata un máximo de 2 puntos.

Para xustificar os cursos realizados, deberán presentar títulos orixinais ou fotocopias compulsadas que reflictan a entidade que o imparte, o número de horas, e o contido.



CONCELLO DE
VALDOVIÑO

Valdoviño

3.- Experiencia profesional (máximo 5 puntos)

Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo relacionados co posto ofertado: orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, emprego, etc: 0, 4 puntos por cada mes.

Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado: 0,1 puntos por cada mes (neste epígrafe o máximo será de 2 puntos)

Para xustificar a experiencia laboral, deberán presentar o certificado de vida laboral xunto coa documentación acreditativa que especifique o posto de traballo ou funcións desenvolvidas (contratos, certificación da empresa, etc). No caso de traballo por conta propia, ademáis do certificado de vida laboral, contrato de servizos, alta no IAE, etc.

4.- Outros méritos: (ata un máximo 0,5 puntos).

Celga 3 ou equivalente debidamente homologado: 0, 15 puntos.

Celga 4 ou equivalente debidamente homologado: 0, 25 puntos.

*(No caso de que o candidato posúa os Celga 3 e Celga 4, só se valorará o Celga 4).

Coñecementos de informática debidamente acreditados: 0,25 puntos

SÉTIMA: Puntuación final

A puntuación final será o resultado da puntuación obtida na fase d ecurso. No caso de producirse empate na puntuación final, resolverase a favor da persoa aspirante que acadara maior puntuación no apartado 3º do baremo de méritos, e de persistir o empate resolverase en función dos apartados 1º, 2º e 4º . Como criterio final se persistise o empate atenderase o maior tempo en situación de desemprego.

OITAVA: Proposta de selección

Ao rematar a fase de concurso, o tribunal realizará unha proposta da persoa aspirante preseleccionada.

Antes de formalizar o contrato, remitirase o currículo da persoa



CONCELLO DE
VALDOVIÑO

Valdovíño

preseleccionada á Dirección Xeral de Formación e Colocación, aos efectos de que aquela proceda a examinar e valorar o currículo e obter o seu visto e prace.

O establecido no parágrafo anterior non será de aplicación no caso de que a persoa proposta xa fose baremada ao abeiro dos programas de información, orientación e busca de emprego en exercicios anteriores.

En caso de que o aspirante preseleccionado rexeite o posto de traballo o aspirante que obtivo o segundo lugar poderá ocupar dita praza e así sucesivamente.

NOVENA : Tribunal Cualificador.

A comisión seleccionadora estará composta do seguinte xeito:

PRESIDENTE/A: Senén Martínez Prieto, funcionario municipal. Suplente funcionario/a ou empregado/a público laboral fixo/a en quen delegue.

SECRETARIO que actuará con voz e voto: Francisco Javier Oubiña Lodeiro, funcionario municipal. Suplente: funcionario/a ou empregado/a público laboral fixo/a municipal en quen delegue.

VOGAIS: Martina Manteiga Fulgueira, funcionaria municipal. Suplente: funcionario/a ou empregado/a público laboral fixo/a municipal en quen delegue.

VOGAIS: Rita Díaz González, empregada pública fixa municipal. Suplente: funcionario/a ou empregado/a público laboral fixo/a municipal en quen delegue.

VOGAIS: Ramón Couce Blanco, empregado público fixo municipal. Suplente: funcionario/a ou empregado/a público laboral fixo/a municipal en quen delegue.

O Presidente do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros asesores especialistas para as probas que considere pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou os que legalmente o substitúan.



CONCELLO DE
VALDOVIÑO

Valdoviño

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarllelo a autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 28.2 da lei 30/1992, do 26 de novembro. Os aspirantes poderán recusa-los membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

Tódolos membros do tribunal deberán estar en posesión de titulación académica igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

Os membros do Tribunal están suxeitos ó disposto no artigo 28 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas de do procedementos administrativo común, e ós dereitos por indemnización por asistencia, do artigo 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

Mándoo e asínoo en Valdoviño a 31 de agosto de 2012

O alcalde

O secretario

Asdo.: José Antonio Vigo Lago

Asdo.: Francisco Javier Oubiña Lodeiro